

Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914, sendo o terceiro de catro irmáns.

Procedía dunha familia labrega polo que Xosé María tivo que traballar en todo tipo de faenas agrícolas.

Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal, na «Escola da Conchada», construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal «El Progreso Villabés», de Vilalba, en Lugo.



Os catro irmáns, Antonio, María, Serafín e Xosé María

Ao deixar o Seminario rematou o bacharelato e estudou na Universidade de Salamanca, Filosofía e Letras.

Dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, onde chegou a ser o encargado dos servizos de tradución do Ministerio da Gobernación.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, «Nimbos», editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo.



Xosé María Díaz Castro

Díaz Castro pertence á Xeración do 36 xunto a Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia.

O 2 de outubro de 1990, despois dunha estancia hospitalaria no Xeral de Lugo, falece Xosé María á idade de 76 anos, sendo soterrado no cemiterio de San Xoán de Lagostelle, en Guitiriz.

Este ano a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras pola defensa e uso que fixo do noso idioma.

PENÉLOPE

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Tragerán os camiños algún día
a xente que levaron, Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2014



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

(1914-1990)

Seminario Galán.org



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA